



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN



**Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña**

Número 11/2021

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DA CORUÑA PARA FINANCIAR O PROXECTO "LIÑA 1. APOIO E MANTEMENTO DA ACTIVIDADE ECONÓMICA. GASTOS CORRENTES, DO PLAN DE REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA CORUÑA, PRESCO", NO MARCO DO PLAN DE EMPREGO LOCAL, ANUALIDADE 2021.

Na Coruña, a 4 de marzo de 2021

REUNIDOS

Dunha parte, Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte, Dona Inés Rey García, Alcaldesa - Presidenta do Concello da Coruña.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalle atribuídas

MANIFESTAN

Que a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Coruña consideran de grande interese para a provincia e como prioridade impulsar a actividade económica e a protección do emprego local para contribuír á reactivación económica do concello derivada da crise económica que afecta de forma directa ao tecido empresarial, especialmente á hostalería e ao comercio, da cidade como consecuencia da pandemia sanitaria da COVID-19.

Que o Concello da Coruña puxo en marcha o Plan de Reactivación Económica e Social da Coruña (PRESCO), cuxo obxectivo consiste en contribuír ao mantemento do tecido socioeconómico da cidade, facer fronte ás consecuencias sociais e económicas da pandemia coa maior axilidade posible, proporcionar recursos para o tecido social e económico coruñés, atender as persoas con máis dificultades e mellorar os servizos públicos municipais mediante unha atención cidadá eficiente e segura.

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do Concello da Coruña, no marco dos seus fins e competencias, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello da Coruña, CIF P1503000J, para o financiamento da Liña 1. Apoio e mantemento da actividade económica. Gastos correntes do Plan de Reactivación Económica e Social da Coruña, PRESCO, cuxo obxectivo consiste en apoiar e manter a actividade económica da cidade, mediante axudas a autónomos e microempresas para mitigar os efectos negativos da pandemia, en especial dirixidas ao sector da hostalería e do comercio para así, deste xeito, acadar unha pronta recuperación económica.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTUACIÓN A REALIZAR

O Concello da Coruña levará a cabo as actividades do proxecto segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Actividades	Importe
Liña 1 PRESCO- Subvencións para gastos correntes. Apoio e mantemento da actividade económica	
Axudas dirixidas a autónomos e micropemes (cotas Seguridade Social)	4.391.350,00€
Axudas dirixidas a sufragar alugueiros de locais comerciais, de hostalería ou sector servizos	1.731.800,00€
Subvención a autónomos e micropemes para o pagamento de xuros	37.110,00€
Programa de incentivos á contratación de persoal	24.740,00€
Total custo proxecto	6.185.000,00€

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

A Deputación da Coruña contribuír á ao financiamento da liña de actuación, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 1.200.000,00 €, o que representa unha porcentaxe do 19,40178% do custo do proxecto.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 19,40178% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/24100/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello da Coruña obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

Corresponderalle ao Concello da Coruña o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

No caso de que o Concello da Coruña tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización desta liña de actuación, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña e se utilizará o logo oficial do Plan de Emprego Local, dispoñible na web: www.emplo.dacoruna.gal

Coa memoria e conta xustificativa, o Concello da Coruña achegará os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

De acordo co disposto na Base 54ª das de execución do Orzamento para o ano 2021, as achegas provinciais faranse efectivas despois da xustificación documental da realización das actividades ou investimentos subvencionados. Só de forma excepcional e debidamente motivada poderán librarse fondos anticipados que, en todo caso, deberán aterse ás seguintes normas:

- a) Requirirase a previa constitución de fianza, aval ou garantía suficiente polo importe total da cantidade anticipada máis un 20 por 100 en concepto de posibles intereses moratorios, excepto as entidades exentas por lei da prestación de garantías ou caucións.
- b) Deberá acreditarse que o beneficiario está ao corrente das súas obrigas coa facenda pública, coa Deputación e coa Tesourería da Seguridade Social.
- c) Non será posible expedir un pago anticipado se o beneficiario ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade, e logo de transcorrer o prazo de xustificación disposto, non se achegou a documentación xustificativa da aplicación total dos fondos anticipados nas condicións establecidas no acordo ou convenio correspondente.
- d) En todo caso o beneficiario deberá ter aberta unha conta bancaria co título "Fondos para atender á actividade..." Con cargo á devandita conta deberán efectuarse todas as cobranzas e pagos que corresponden á actividade ou investimento subvencionado. Un extracto dos movementos da conta citada deberá remitirse á Deputación provincial xunto coa xustificación documental da aplicación dos fondos provinciais á finalidade prevista. Esta circunstancia deberá constar expresamente no oportuno convenio e o seu incumprimento será considerado una infracción simple e sancionada co importe que resulte da aplicación da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias.

Pola súa parte, no artigo 27 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias indícase:

"3. Cando a natureza da subvención así o xustifique e co fin de non xerar dificultades de liquidez ás persoas beneficiarias, poderán realizarse pagamentos anticipados de ata o 50 por 100 do importe da subvención concedida, debendo a persoa beneficiaria achegar previamente a garantía correspondente, nos termos establecidos regulamentariamente; non obstante, estarán exentas de presentar garantía as administracións públicas e as entidades ás que se lles subvencione a realización de proxectos de cooperación internacional. En todo caso, o custo da garantía poderá ser considerado gasto subvencionable".

De acordo co anterior, poderase expedir un primeiro pagamento a prol do Concello da Coruña pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do orzamento subvencionable, tendo en conta o exposto anteriormente e unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificación das axudas concedidas, asinado dixitalmente pola Secretaría e Alcaldía conforme os gastos xustificativos de cada unha das subvencións concedidas foron revisados e fiscalizados polo concello de acordo coas bases reguladoras publicadas para o efecto.
- Bases reguladoras e a convocatoria específica das axudas para os/as beneficiarios/as e a comunicación da información preceptiva sobre a convocatoria específica das axudas e outros aspectos desta, remitida polo Concello á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- O Concello da Coruña estará obrigada a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos que o acrediten

Rematada completamente a actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

1. Memoria xustificativa asinada pola Alcaldesa-Presidenta, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actuacións realizadas e dos resultados obtidos.
2. Certificado das axudas aboadas, asinado dixitalmente pola Secretaría e Alcaldía conforme os gastos xustificativos de cada unha das subvencións abonadas foron revisados e fiscalizados polo concello de acordo coas bases reguladoras publicadas para o efecto e de conformidade co informe expedido polo/a titular do órgano interventor municipal.
3. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
4. O Concello da Coruña estará obrigada a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos correspondentes.
5. Declaración de non ter solicitadas ou concedidas outras axudas ou subvencións para a mesma finalidade.

O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello da Coruña na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a entidade terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial comprenden dende o 1 de xuño de 2020 e ata o 31 de outubro de 2021.
2. Unha vez rematadas as actividades, o Concello da Coruña deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA, no prazo de UN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello da Coruña para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello da Coruña da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello da Coruña na documentación achegada. Se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos polo beneficiario sen que se lle abonase o importe da subvención provincial que lle corresponda, o beneficiario terá dereito ao abono dos xuros legal do diñeiro, computado dende a finalización do prazo de catro meses antes do indicado ata a data do pago efectivo. Se a xustificación documental fose incompleta ou insuficiente o prazo de cómputo dos xuros iniciárase cando o beneficiario emendase as deficiencias detectadas perante a Administración provincial.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Concello da Coruña deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial será determinadas por esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O Concello da Coruña destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gastos presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o Concello da Coruña poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello da Coruña queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello da Coruña serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello da Coruña será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende **1 de xuño de 2020 ata o 31 de outubro de 2021**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o **31 de decembro de 2021** sempre e cando exista crédito para tal fin.
2. Para o caso de que o Concello da Coruña non poida ter rematadas as actuacións e presentada a xustificación **antes do 30 de novembro de 2021**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do **30 de abril de 2022**. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello da Coruña perderá o dereito ao cobro do importe co-rresponde á contía non xustificada na dita data.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCION COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do Concello da Coruña, respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 26 de febreiro de 2021.

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

**O PRESIDENTE DA DEPUTACION
PROVINCIAL DA CORUÑA**

Asdo.: Valentín González Formoso

**A ALCALDESA PRESIDENTA DA CONCELLO DA
CORUÑA**

Asdo.: Inés Rey García

**O SECRETARIO XERAL
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

Asdo.: José Luis Almu Supervía